

Listado de personal ISS:

TRABAJADOR	ANTIG.	Jorn. Semanal	Observaciones
Encargado SECTOR	03/02/1999	37,5	Plus 435 € mes
Limpiador	30/04/1991	37,5	
Limpiador	02/06/1994	37,0	
Limpiador	05/08/1994	37,5	
Limpiador	06/10/1994	37,5	
Limpiador	02/01/1996	37,5	
Limpiador	02/01/1996	37,5	
Limpiador	01/08/1997	37,5	25 hrs. SANTA MARTA
Limpiador	03/11/1997	37,5	
Limpiador	03/11/1997	37,5	
Limpiador	03/11/1997	37,5	
Limpiador	04/11/1997	37,5	
Limpiador	17/12/1997	33	
Limpiador	15/04/1998	32,5	REDUCCIÓN GUARDA LEGAL
Limpiador	22/06/1998	36	
Limpiador	02/07/2001	37	
Limpiador	02/07/2001	37,5	
Limpiador	12/11/2001	37,5	
Limpiador	11/12/2001	19,5	
Limpiador	13/06/2002	37,5	
Limpiador	02/09/2002	32	
Limpiador	02/09/2002	5	
Limpiador	02/09/2002	13,2	
Limpiador	02/09/2002	35,5	
Limpiador	27/12/2002	37,5	
Limpiador	31/01/2003	36,33	
Limpiador	17/11/2003	37	
Limpiador	07/07/2004	32	
Limpiador	23/05/2005	37,5	
Limpiador	09/06/2005	37,5	
Limpiador	02/02/2006	4	
Limpiador	15/03/2006	37,5	
Limpiador	10/08/2006	37,5	
Limpiador	04/09/2008	24	
Limpiador	10/11/2008	32,72	
Limpiador	12/04/2010	37,5	
Limpiador	10/11/2011	12,5	
Limpiador	26/12/2011	1,5	
Limpiador	02/01/2012	37,5	
Limpiador	02/01/2012	11,5	
Limpiador	02/01/2012	19	
Limpiador	03/02/2012	37,5	



## Servicios y Materiales, S.A. *SERMASA*

DELEG. SANTIAGO: VIA ISAAC PERAL Nº 13, POLIGONO DEL TAMBRE 15.890 SANTIAGO DE COMPOSTELA TELF.-981 57 18 15

Inscr. Reg. Mercantil de Madrid, al Tomo 3.189, Libro 0, Folio 1, Sección 8, Hoja M-54.401, Inscripción 10

### PERSONAL ESCOLA INFANTIL – A GALIÑA AZUL DE SAN ROQUE

	CATEGORIA	TIPO DE CONTRATO	ANTIGÜEDAD	JORNADA
1	LIMPIADORA	200	01/06/2008	51,28%

### PERSONAL ESCOLA INFANTIL – A GALIÑA AZUL DE TRASPARAMENTO

	CATEGORIA	TIPO DE CONTRATO	ANTIGÜEDAD	JORNADA
1	LIMPIADORA	200	01/06/2008	51,28%

### PERSONAL ESCOLA INFANTIL – A GALIÑA AZUL DE POLIGONO DO TAMBRE

	CATEGORIA	TIPO DE CONTRATO	ANTIGÜEDAD	JORNADA
1	LIMPIADORA	200	07/09/2009	51,28%

**PACTO LABORAL ENTRE A EMPRESA ISS FACILITY SERVICES, S.A., E A REPRESENTACIÓN DOS TRABALLADORES E TRABALLADORAS ADSCRITAS AO SERVIZO DE LIMPEZA DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA**

En Santiago de Compostela, a 27 de marzo do 2007



**INTRODUCCIÓN**

A empresa ISS Facility Services, S.A., actual concesionaria do servizo de limpeza das instalacións dependentes do Concello de Compostela, co obxecto de garantir a paz social, subscribe o presente Pacto Laboral xunto coa representación sindical dos traballadores e traballadoras do servizo de limpeza do Concello de Compostela como unha mellora laboral para todas as traballadoras que prestan os seus servizos na limpeza das diferentes instalacións dependentes do Concello de Compostela.

Este Pacto Laboral terá a todos os efectos a consideración de condición máis beneficiosa como unha mellora superior ás que se poidan establecer no Convénio Colectivo Sectorial de referencia, Limpeza de Edifícios e Locais da Provincia da Coruña, ou o Convenio que o substitúa. Este Pacto Laboral, de natureza indefinida no tempo, será revisable nos tempos establecidos na súa redacción, mantendo-se as condicións nel expresadas con carácter indefinido namentres non se redacte un novo acordo entre as partes, entendendo polo tanto os e as asinantes o dereito dos e das traballadoras do servizo de limpeza de todos os centros municipais do Concello de Compostela a dispoñer dunhas condicións laborais específicas superiores ás expresadas no Convénio do Sector.

Coa fin de chegar aos acordos que se sinalan

**COMPARECEN**



Dunha parte, actuando en nome e representación da empresa ISS Facility Sevices, S.A., e na súa calidade de Responsábel da empresa en Galiza, D. Salvador Fernández de la Cigoiña Fraga.

Da outra parte, actuando na súa calidade de representante dos traballadores D<sup>a</sup> Milagros Salgado Fandiño (Delegada de Persoal), Dolores Couselo Patiño, Hermitas Mosquera González, Oliva García Rial, e D. Roberto Alonso Iglesias, como asesor sindical da CIG.

Ambas partes se recoñecen capacidade suficiente para acadar os seguintes


## ACORDOS

### 1º.- Características e Vixéncia do Pacto Laboral.

O presente Pacto Laboral terá unha vixéncia inicial de tres anos, contados desde o 1 de abril do 2007 ao 31 de decembro do 2009, podendo as partes modificalo e adecualo, de mutuo acordo, aos condicionantes que se poideran producir no tempo unha vez cumpridos os tres anos de vixencia. Namentres no se chegue a un novo acordo entre as partes, as condicións e melloras aquí pactadas consideraran-se prorrogadas con carácter indefinido. As melloras aquí pactadas terán a consideración de máis beneficiosas, non podendo ser compensadas nen absorvidas en ningún caso, a excepción do reflectido no punto 3 de este Acordo. O Convénio Colectivo sectorial de referencia seguirá a ser o de Limpeza de Edifícios e Locais da Provincia da Coruña ou Convenio que o substitúa, entendendo este Pacto como unha mellora do mesmo.

### 2º.- Xornada de traballo.

Para o ano 2007, a partires do 1 de abril, a xornada semanal de traballo será de 37,5 horas.



Os días 24 de decembro e 31 de decembro serán inhábiles a todos os efectos, tendo a consideración de festivos non recuperables para toda a plantilla adscrita á limpeza do Concello de Compostela.

### **3º.- Permisos e Licéncias Retribuídas.**

Dado que o actual Convénio Colectivo do Sector establece 7 días de asuntos propios non retribuídos, as partes asinantes acordan a súa transformación en días de asuntos propios con carácter retribuído da seguinte maneira:

No ano 2007 catro días.

A partires do un de xaneiro de 2008 os sete días de asuntos propios regulados no Convenio Colectivo pasan a ser retribuídos. As traballadoras disfrutarán de estes días en función das súas necesidades, en tantos períodos como sexan necesarios coa única obriga de comunicarlle á empresa con unha antelación mínima de 48 horas, estando obrigada a empresa a concedelos sempre e cando as peticións non superen as tres traballadoras no mesmo día. A empresa baixo o seu único criterio poderá superar este número de permisos no mesmo día, no caso de superarse esta cifra a concesion do permiso farase por riguroso orde de petición.



Os días de asuntos propios non se poderán acumular ás vacacións excepto acordo en contrario entre as partes.

Os posibles recoñecementos de asuntos propios retribuídos no Convenio Colectivo de Edificios e Locais da Provincia da Coruña quedarán absorbidos e compensados polos anteriormente regulados.

### **4º.- Prestacións en caso de IT por enfermidade común.**

No caso de IT derivada de accidente non laboral, os traballadores e traballadoras adscritas ao servizo de limpeza do Concello de Compostela percibirán o 100% das súas retribucións desde o primeiro día de baixa.

No caso de IT por enfermidade común, os traballadores e traballadoras percibirán o 100% das súas retribucións desde o primeiro día de baixa na primeira baixa por este motivo do ano natural de cada traballador. Igualmente, percibirán o 100% das súas



retribucións desde o primeiro día de baixa independentemente de que sexa ou non a primeira baixa sempre e cando sexa por moitivada por unha enfermidade moi grave, entendéndose como tal as que poideran supoñer risco vital ou situacións de risco invalidantes.

#### **5º.- Plus de "Limpeza do Concello de Compostela".**

Ambas partes acordan a creación dun Plus de carácter mensual a percibir nas quince pagas establecidas no Convenio Colectivo de referencia, este Plus será indentificado na nómina de cada traballadora como "Plus de Centro de Traballo".

Para o ano 2007 este Plus será de 1200 euros a repartir a partes iguais nas 12 pagas pendentes de dito ano. De maneira excepcional e como pago único da nómina do mes de abril do ano 2007 cada traballadora a maiores percibirá a cuantía de 240 euros.

A partires do 1 de xaneiro do 2008 o importe de dito Plus será de 1500 euros anuais a repartir nas 15 pagas a partes iguais. Este Plus, a partires do 01/01/2009, revisarase anualmente na mesma cuantía en que o faga o Convenio Colectivo de referencia.

Estas cuantías entenderase sempre para as traballadoras a xornada completa recibindo proporcionalmente o resto en función da súa xornada laboral.

#### **6º.- Comisión Paritaria.**

Créase unha comisión paritaria entre Empresa e Traballadoras de cara a buscar fórmulas que garanten que no caso de futuras ampliacións de servizo no Concello de Santiago teñan total e absoluta prioridade para dita ampliación as persoas que actualmente prestan servizos nas dependencias do Concello de Compostela.

#### **7º.- Normalización do Servizo.**

En aras a normalizar as relacións laborais a empresa deixará sen efecto tódalas denuncias, despidos, sancións, expedientes que se tramitaron durante o conflito, independentemente que afecten a traballadores dos distintos centros, á central sindical Confederación Intersindical Galega ou delegados ou afiliados da propia Central Sindical. A Confederación Intersindical Galega comprométese neste acto a proceder da

mesma maneira retirando as denuncias de calqueira tipo que se tramitaran a consecuencia do conflito contra a empresa ISS así como contra do Concello de Santiago de Compostela.

Por parte da empresa non se exercerá ningún tipo de represalia contra ningún traballador ou traballadora por motivos do conflito.



E dando mostra de conformidade co Pacto Laboral subscrito entre ambas partes, asína-se a presente, en Compostela, a 27 de marzo do 2007, quedando desconvocada a partires do día 28 de marzo a folga que nestes momentos se estaba a levar a cabo polas traballadoras.

Polos Traballadores


Pola Empresa

Milagros Salgado Fandiño


Salvador Fernández de la Cigña Fraga.



Dolores Couselo Patiño



Hermitas Mosquera González



Oliva García Rial



Roberto Alonso Iglesias

